



Nota de prensa

Terá lugar esta semana

FESBAL E EROSKI POÑEN EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓN DA OPERACIÓN QUILO DE RECOLLIDA DE ALIMENTOS

- **A campaña desenvolverase nos hipermercados, supermercados e franquías da rede comercial de EROSKI no País Vasco, Navarra, Galicia e Baleares**
- **Levarase a cabo a través da recollida vía os bonos que os consumidores poden adquirir ao pasaren por caixa e que posteriormente os Bancos de Alimentos cambiarán por alimentos**
- **EROSKI doou no 2020 máis de 12 millóns de euros a múltiples causas, entre as que destacan as relacionadas con colectivos afectados pola COVID-19**
- **EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos con FESBAL**

Elorrio, 10 de maio do 2021.- Durante esta semana [EROSKI](#) puxo en marcha a campaña Operación Quilo que a [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#) organiza co fin de recadar as doazóns coas que os consumidores queren colaborar para axudar os colectivos máis desfavorecidos. A iniciativa, que se prolongará ata o sábado, levarase a cabo en todos os hipermercados, supermercados e franquías de EROSKI na súa rede comercial do País Vasco, Navarra, Galicia e Baleares.

Nesta ocasión, como xa fixo en anteriores campañas, levarase a cabo a través da recollida vía bonos que os consumidores poden adquirir ao pasaren por caixa. Ao remate da campaña, a cantidade obtida a través dos vales quedará á disposición dos Bancos de Alimentos para adquirir os produtos que consideren máis convenientes e necesarios.

"A crise sanitaria que vivimos agravou aínda máis a situación de necesidade de moitas persoas en situación de vulnerabilidade. Agora máis ca nunca precisan da nosa axuda e apoio as persoas que se están vendo afectadas por esta situación excepcional e para iso lanzamos un ano máis esta campaña a prol dos Bancos de Alimentos, habilitando este sistema para poder colaborar con eles de maneira sinxela. Xa que logo, apelamos á solidariedade dos nosos clientes para podermos seguir atendendo as persoas en situación de desamparo", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"Queremos agradecer esta nova edición da campaña "Operación Quilo" de EROSKI que en colaboración cos seus clientes permitirá dispoñer nos Bancos de Alimentos

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



dunha notable entrada de produtos alimenticios que posteriormente se distribuirán, a través das entidades benéficas coas que colaboran, para cubrir as necesidades de milleiros de familias que hoxe o precisan moito", afirmou o director da Federación Española de Bancos de Alimentos, D. Miguel Fernández.

A crise sociosanitaria desatada pola COVID-19 agravou a situación de necesidade dos máis vulnerables. Coa colaboración dos seus clientes, EROSKI doou no 2020 máis de 12 millóns de euros a múltiples causas, entre as que destacan as relacionadas con colectivos afectados pola COVID-19. Dese importe, o 70% achegouno EROSKI. Entre as accións que levou a cabo están diversas campañas para recadar fondos para a alimentación e hixiene dun dos colectivos máis vulnerables desta crise, como é o das familias con menores en risco de exclusión social agudizado pola pandemia, e a través delas déronse máis de 850.000 euros.

Ademais, facilitou o acceso a produtos de primeira necesidade a través de máis de 15.000 "tarxetas solidarias", postas ao dispor de entidades sociais e de institucións públicas, e dooulles aos Bancos de Alimentos o equivalente a máis de 6,5 millóns de comidas. Ademais, EROSKI colaborou tamén en varias ocasións a través do seu programa de "[Céntimos Solidarios](#)" cos Bancos de Alimentos e durante este mes ten activa outra campaña para axudar ás familias en risco de exclusión social.

Máis de 20 anos colaborando cos Bancos de Alimentos

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Así naceron ese mesmo ano as campañas "Operación Quilo" de recollida de alimentos nas tendas EROSKI.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente, pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria. Hoxe este programa de EROSKI e dos Bancos de Alimentos continúa vixente co compromiso "Desperdicio Cero" de non guindar ningún alimento que sexa apto para o consumo en toda a súa rede de hipermercados e supermercados. Co inicio das primeiras consecuencias da crise económica, EROSKI e FESBAL estenderon este programa aos alimentos frescos, para o que cumpriu redefinir a loxística de doazón co fin de manter a cadea de frío e asegurar que os alimentos doados cheguen con total seguridade alimentaria aos seus destinatarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



EROSKI foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)